



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - SMBM	
Número expediente:	Documento:
CON/46/2014	CONY1003
2R210W2A1T4M1P110CEK	

ACTA PARA DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E APERTURA DO SOBRE "B" (DOCUMENTACIÓN TÉCNICA), NA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DO PROGRAMA MUNICIPAL EDUCATIVO EXTRAESCOLAR PROMEDEX 5.

Na Sala de Xuntas, ás once horas do día 16 de setembro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación, constituída como órgano asesor no procedemento aberto seguido para a contratación da prestación do servizo de "Asistencia técnica do programa municipal educativo extraescolar PROMEDEX 5", formada por:

O Sr. D. José Manuel Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral.

D. Manuel G. Antón Villamil Interventor Accidental.

Dna. M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, Xefa Accidental do Servizo Sociocomunitario.

Secretaria de Mesa: Susana Barbeito Míguez, Xefa do Negociado de Contratación.

Na sala de reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación dos devanditos servizos, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre "B": Documentación técnica



**NARÓN**

Sendo as once horas do día 16 de setembro de 2014, e antes de proceder á apertura dos sobres da documentación técnica, a secretaria da mesa procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administracións públicas, dándose a coñecer que todas as empresas licitadoras presentadas, presentaron a declaración responsable conforme teñen plena capacidade e solvencia para contratar coa administración.

Para efectos do disposto no artigo 27 do Real Decreto Lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese, pola Presidencia, á apertura dos sobres "B" de Documentación Técnica presentados polas empresas: Gestión y Asistencia Técnica de Formación (GATFOR), La Guagua Servicios Socioculturales, S.L., Axiña Servicios Deportivos, S.L., Senes Cit S.L., Gestión Plus S.L.U. Servicios Integrales a Empresas.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, e unha vez redactado, esta Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real Decreto Lei 817/2009 .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu a Secretaria dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.